



VALORACIÓN DENDE O TRABALLO SOCIAL SOBRE O PROXECTO DOS ORZAMENTOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2026



Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia

Dende o **Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia**, queremos expresar unha fonda preocupación ante o proxecto de orzamentos presentado pola Xunta de Galicia para o vindeiro exercicio. Aínda que se anuncian incrementos en determinadas partidas sociais, a análise detallada amosa que se trata, na maioría dos casos, **de subas retóricas que non se traducen en melloras reais nin estruturais nos servizos sociais públicos.**

O **investimento social en Galicia leva anos practicamente estancado**, sen responder á evolución das necesidades sociais nin á inflación de custos que sofren as entidades, os concellos e as persoas usuarias. Seguimos sen un **sistema galego de servizos sociais plenamente estruturado, con cobertura equitativa en todo o territorio** e sen recursos suficientes para garantir os dereitos das persoas maiores, da infancia, das persoas con discapacidade, ou en situación de exclusión social.

A aposta da Xunta polos **bonos e axudas puntuais**, presentadas como políticas sociais, **supón unha deriva asistencialista que confronta directamente coa filosofía dos dereitos sociais universais.** Estes programas, ademais de carecer de planificación a medio prazo, **xeran desigualdades territoriais e confusión cidadá**, substituindo o dereito a un servizo estable por unha axuda temporal e arbitraria.

A realidade dos servizos sociais comunitarios é especialmente preocupante. O orzamento para estes servizos **reduce en 2,4 millóns de euros respecto ao exercicio anterior, o que supón un retroceso directo na capacidade dos concellos para atender as necesidades básicas da poboación. Pola súa banda, o Servizo de Axuda no Fogar (SAF)** recibe 10 millóns de euros adicionais, unha cifra claramente insuficiente para compensar o incremento dos custos laborais, a inflación e a demanda crecente. Este aumento non permite **nin mellorar as condicións das traballadoras, nin garantir unha cobertura suficiente nin unha calidade acorde ás necesidades reais**. En definitiva, o orzamento mantén **infrafinanciado o primeiro nivel de atención do sistema galego de servizos sociais**, aquel que debería ser a porta de entrada, a estrutura vertebradora e o garante da proximidade e equidade.

No ámbito da **dependencia e os coidados**, Galicia precisa un novo modelo, centrado na persoa, con servizos públicos, profesionais e de proximidade. A realidade é que **segue a haber listas de agarda, insuficiencia de prazas públicas e unha aposta excesiva pola externalización e privatización**.

A protección da infancia continúa sendo un dos ámbitos máis desatendidos. **Non se reforza o sistema de acollemento familiar nin se amplían os recursos de prevención e apoio ás familias vulnerables**, que son a base para evitar separacións innecesarias. Faltan equipos técnicos suficientes, estabilidade profesional e coordinación interinstitucional. Sen un investimento sostido, **Galicia perpetúa un modelo reactivo**, máis centrado na emerxencia que na prevención.

A vivenda, elemento esencial para a inclusión social, segue a ser **un dos grandes ausentes das políticas orzamentarias reais**. As medidas anunciadas son insuficientes fronte á escalada dos prezos do alugueiro e a escaseza de vivenda pública. A **falta de coordinación entre política social e política de vivenda** agrava a exclusión residencial.

As políticas contra a violencia machista necesitan moito máis que campañas simbólicas. Persisten **carencias de recursos nos servizos de atención e acollemento, falta de persoal especializado e escasa cobertura rural**. A igualdade non pode ser unha sección orzamentaria secundaria: cómpre **un investimento transversal que integre a perspectiva de xénero en todos os programas públicos**.

Preocupa tamén a **falta de transparencia e de mecanismos de avaliación** das políticas sociais. Non existen datos públicos e actualizados que permitan medir o impacto real dos programas nin avaliar a súa eficacia, o que impide un control democrático e profesional das decisións orzamentarias.

Os orzamentos deberían ser unha ferramenta para **planificar o benestar social a medio e longo prazo**, e non un instrumento de marketing político. A sociedade galega necesita un **compromiso firme cun novo sistema de coidados, inclusivo, equitativo e sostible**, que recupere a centralidade dos servizos sociais públicos como cuarto pilar do Estado do Benestar.

É urxente cambiar a mirada: **o social non é un gasto, é unha inversión no benestar, na cohesión social e no futuro de Galicia**. Cada euro destinado a servizos sociais, educación, sanidade, vivenda ou igualdade **xera retorno económico, estabilidade comunitaria e oportunidades de vida digna**. Tratar o social como gasto é unha decisión política que debilita o país; consideralo investimento é apostar pola súa sustentabilidade humana e económica.

Miriam Rodríguez Sierra

Presidenta do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia

A close-up photograph of a person's open palm holding several coins. The coins include a 1 Euro coin, a 20 Cent coin, and several 201 Cent coins. The person is wearing a blue and grey ribbed sweater. The background is a plain, light-colored surface.

COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA - COTSG

Proxectando o **Traballo Social** do
futuro dende a realidade do **presente**.



Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia